


# ÁREA SANITARIA DE FERROL

# XAU. Ferrol. Orzamento 2009: Prazas Plan de Mellora Atención Primaria

| | PRAZAS 6 MESES | PRAZAS 4 MESES | PRAZAS 3 MESES | TOTAL PRAZAS | CUSTO PRAZAS 6 MESES | CUSTO PRAZAS 4 MESES | CUSTO PRAZAS 3 MESES | CUSTO TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MÉDICOS | | | 6 | 6 | - | - | 85.163 | 85.163 |
| PEDIATRAS | 1 | | | 1 | 27.195 | - | - | 27.195 |
| DUE | 0 | 1 | 10 | 11 | - | 10.967 | 82.249 | 93.216 |
| PSX | 0 | 0 | 2 | 2 | - | - | 10.137 | 10.137 |
| MATRONAS | 1 | | | 1 | 16.632 | - | - | 16.632 |
| FISIO | 0 | 1 | 1 | 2 | - | 9.988 | 7.491 | 17.479 |
| ODONTO | 1 | | | 1 | 23.831 | - | - | 23.831 |
| HIXIENISTAS | 1 | | | 1 | 11.498 | - | - | 11.498 |
| T SOCIAL | 0 | 0 | 2 | 2 | - | - | 15.222 | 15.222 |
| AUX ENF. | 1 | | | 1 | 9.873 | - | - | 9.873 |
| Total | | | | 28 | | | | 310.246 € |

**CIG-SAUDE**

Diante das intencións da conselleria de sanidade de deixar sin efecto, unha vez máis aducindo problemas orzamentarios, o Plan de Mellora de Atención Primaria cualificando de "pufo e panfleto", CIG-Saúde quere facer as seguintes puntualizacións:

- O Plan de Mellora (2007-2011), pese ás dificultades e retrasos na aplicación dalgúns aspectos, supuxo un paso moi importante para a Atención Primaria de Galicia, tanto polo seu contido como pola súa xestación, xa que naceu do acordo de organizacións Profesionais, Sindicais e da Administración.

- CIG-Saúde considera que neste momento, no ecuador do Plan, é especialmente importante reafirmarse na necesidade da súa completa aplicación, e non aceptará recortes nin cambios que desvaloricen ó pactado.

- As razóns que expoñen de falla de orzamento son desmentidas polo Diario Oficial de Galicia onde son publicados os orzamentos do Sergas, nel figuran as prazas creadas polo Plan de Mellora para o ano 2009, e o orzamento de cada praza (ver cadro da imaxe superior dos orazmentos e prazas da área sanitaria de Ferrol)

- É responsabilidade da Administración a execución orzamentaria e polo tanto é responsabilidade dos xestores que esas **28 prazas**, creadas e orzamentadas, se convertan en incrementos reais das plantillas dos centros de Atención Primaria da área sanitaria de Ferrol.

- De non facelo así será a Xerencia da área sanitaria o responsable de converter o Plan de Mellora nun pufo e nun panfleto, ademáis teran que dar conta a donde se destinou o diñeiro: "máis de 300.000€",.

- Neste terreo non son validos criterios economicistas a curto prazo, todo o que se invista en potenciar a Atención Primaria supón un aforro en gasto sanitário a outros niveis, e sobretodo supón un "aforro" de enfermedade, e polo tanto de sufrimento

- O Plan de Mellora da Atención Primaria supón unha aposta clara por un tipo de sanidade pública, centrada nas necesidades do usuario e na resposta mais próxima a esas necesidades, polo que contempla un incremento da capacidade de resolución de problemas a este nivel, e por incrementar os servizos que se prestan aos usuarios: actividades preventivas, control de pacientes crónicos, receita electronica, historia clinica informatizada, informatización dos centros, atención a domicilio, cirurxía menor, control da anticoagulación oral (Sintrom), .... etc.

- Para dar resposta a estas necesidades é para o que se precisan os incrementos de plantillas:

CREARONSE MÁIS DE 75 PRAZAS NOVAS NO SISTEMA NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS EN ATENCIÓN ORDINARIA NOS CENTROS DE SAUDE, máis outras 39 prazas de médicos + 36 ATS-DUE é 6 Celadores, consolidadas nos servicios de urxencia extrahospitalarios (PAC), o que fan **un total de máis de 150 prazas na área sanitaria** é polo que o que está en xogo agora é algo mais que unhas poucas prazas (28) mais no sistema, o que nos xogamos e un modelo de Sanidade Pública na Atención Primaria de calidade, que responda ás necesidades dos usuarios.

Profesionais de Atención Primaria - Incrementos do Plan de Mellora :Área Sanitaria de ferrol

| Categoría | Nº de Profesionais | Ratio TIS/Profesional | Δ 2005-2008 (P. Mellora ) | Previsto 2009 |
|---|---|---|---|---|
| Médicos de A.P. | 136 / APDs 20 | 1.284 / APD 1.391 | 17 (8) | 6 |
| Pediatras | 26 / 1 | 742 | 2 (1) | 1 |
| Odontólogos | 9 | 21.517 | 3 (1) | 1 |
| Farmacéuticos | 7 | 27.650 | -1 | 0 |
| DUEs | 137 | 1.424 | 21 (14) | 11 |
| Matronas | 15 | 2.628 | 3 (1) | 1 |
| Fisioterapeutas | 11 | 10.076 | 4 (2) | 2 |
| Auxiliares de Enfermaría | 15 | 1 | 1 (1) | 1 |
| Traballador Social | 6 | 1 | 3 (3) | 2 |
| Técnicos Hixienistas | 8 | 1 | 3 (2) | 2 |
| PSX / A. Administrativos | 48 / 50 | 2.652 | 12 (2) | 2 |
| Celadores | 26 | | 6 | |

A distribución das prazas da área sanitaria de Ferrol do plan mellora 2009, orzamentadas é pendentes da súa creación por centros, que agora a conselleria pretende anular son:

**MÉDICOS :6** (3 Fontenla Maristany, 1 Fene, 1 Narón, 1 As Pontes)

**PEDIATRÍA: 1** (Narón acumulación de tarefas dende setembro)

**ODONTOLOGO :1** (Caranza)

**ATS-DUE : 11** (1 Fene, 4 Fontenla Maristany, 4 Narón, das que duas están e act dende marzo, 1 As Pontes, 1 Ortigueira en act dende marzo)

**HIXIENISTA DENTAL:1** (As Pontes en act dende febreiro)

**PSX :2** : (1 Cedeira, 1 Narón)

**AUXILIAR DE ENFERMARÍA : 1** (Ortigueira en act dende marzo)

**FISIOTERAPEUTA: 2** (Caranza)

**MATRONA: 1** (Caranza)

**TRABALLADORA SOCIAL: 2**: (1 Ortigueira, 1 As Pontes)

**ÁS PRAZAS EN ACUMULACIÓN DE TAREFAS XA CREADAS EN MARZO POR NECESIDADE ASISTENCIAL AOS USUARIOS NOS CENTROS DE SAUDE , PODEN ANULARSE AGORA POR DECISIÓN DO SERGAS.**

| ORZAMENTO 2009 - 30% do Total do Plan de Mellora | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CAT. PROFESIONAL | PRAZAS 6 MESES* | PRAZAS 4 MESES* | PRAZAS 3 MESES* | TOTAL PRAZAS | CUSTO PRAZAS 6 MESES (€) | CUSTO PRAZAS 4 MESES (€) | CUSTO PRAZAS 3 MESES (€) | CUSTO TOTAL (€) |
| Médicos | 5 | 3 | 86 | 94 | 141.938 | 56.775 | 1.220.664 | 1.419.376 |
| Pediatras | 20 | | | 20 | 43.900 | - | - | 543.900 |
| DUE | 8 | 3 | 187 | 198 | 131.599 | 32.900 | 1.538.062 | 1.702.560 |
| PSX | 4 | 3 | 32 | 39 | 40.547 | 20.273 | 162.188 | 223.008 |
| Matronas | 10 | | | 10 | 166.324 | - | - | 166.324 |
| Fisioterapeuta | 4 | 4 | 30 | 38 | 59.927 | 39.952 | 224.728 | 324.607 |
| Odontólogos | 11 | | | 11 | 262.143 | - | - | 262.143 |
| Hixienistas | 21 | | | 21 | 241.459 | - | - | 241.459 |
| Tr.Social | 2 | 3 | 18 | 23 | 30.445 | 30.445 | 137.002 | 197.892 |
| Aux.enfermería | 31 | | | 31 | 306.059 | - | - | 306.059 |
| | | | | 485 | | | | 5.387.328 |

# CADRO PRAZAS PENDENTES DE CREACION E ORZAMENTADAS TODA GALICIA 2009

Ferrol , 23 de setembro de 2009